

PRESIDENCIA

FUNCIÓNS:

- Representar oficialmente á Confederación.
- Convocar e presidir as reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente.
- Nomear a calquera persoa como asesora, que será ratificada pola xunta directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á xunta directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera

asesor non son vinculantes en ningún caso.

- Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da xunta directiva e nas asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias.
- Ordenar os pagos con cargo aos fondos da Confederación. Leva a sinatura social conxuntamente co secretario ou o tesoureiro.
- A retirada dos fondos da Confederación depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do secretario ou do tesoureiro.
- Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da asemblea xeral e da xunta directiva.

- Velar pola execución dos acordos adoptados na asemblea xeral e na xunta directiva.
- Subscribir contratos en nome da Confederación, outorgar poderes a terceiros, exercer accións e opor excepcións ante os órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins da Confederación.
- Coidar do debido cumprimento dos estatutos, dos fins e principios da Confederación, xuntamente co secretario.
- Calquera outro de interese para a execución dos estatutos.